

PROXECTO LECTOR

CEIP DE AGOLADA

CURSO 2018/2019

INDICE

		Páxina
1.-	XUSTIFICACIÓN.....	3
2.-	MARCO LEGAL.....	4
3.-	ANÁLISE DE NECESIDADES.....	5
4.-	OBXECTIVOS.....	6
	4.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	6
	4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	6
5.-	ORGANIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR.....	9
	- A NIVEL DO COLEXIO.....	9
	- A NIVEL DE AULA.....	9
	- A NIVEL DE FAMILIAS.....	10
	- A NIVEL DO ALUMNADO.....	10
	- A NIVEL DO EQUIPO DIRECTIVO E CONSELLO ESCOLAR.....	10
	- A NIVEL DO EQUIPO DA BIBLIOTECA.....	10
6.-	TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES POR CICLOS.....	11
7.-	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS.....	15
	7.1. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DIDÁCTICA.....	15
	7.2. PRINCIPIOS A SEGUIR COMO GUÍA NA METODOLOXÍA.....	15
8.-	AVALIACIÓN.....	16
9.-	RECURSOS.....	19
	9.1. RECURSOS HUMANOS.....	19
	9.2. RECURSOS MATERIAIS.....	19
	9.3. OUTROS RECURSOS.....	19
10.-	BIBLIOGRAFÍA.....	19

1. XUSTIFICACIÓN

O proxecto lector de centro supón un esforzo de sistematización da ensinanza da lectura. A súa finalidade consistirá en lograr que os alumnos e alumnas sexan lectores competentes, é dicir que sexan capaces de ler con rapidez, precisión e a entoación adecuada; que desenvolvan a habilidade para comprender, reflexionar e interactuar con textos e que se atopen motivados cara a lectura polo mero pracer ou porque a recoñecen como un medio para a aprendizaxe.

Na sociedade actual, caracterizada como sociedade da información e do coñecemento, a lectura cobra maior relevancia e valor ao incorporarse o texto escrito a outros usos, medios e recursos, a través dos medios de comunicación de masas e das novas tecnoloxías da información e da comunicación oral.

A aprendizaxe da lectura, entendida como un proceso interpretativo complexo, non pode quedar restrinxido aos primeiros niveis da escolaridade nin reducirse ás habilidades de codificación e decodificación. Trátase dun proceso continuo que comeza antes da escolarización gracias ao coñecemento que do texto escrito constrúe calquera neno ou nena a través das súas vicisitudes e da súa experiencia social, continúa ao longo do período escolar e esténdese á totalidade da vida.

O proceso de aprendizaxe das habilidades lectoras transcende calquera área de coñecemento, xa que se integra en todas e cada unha delas, supera os límites da ensinanza regrada e require a contribución dun contexto familiar e sociocultural axeitado.

A lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado por ser un instrumento de aprendizaxe cuxo dominio permite unha formación integral que contribuirá ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Polo tanto, é necesario introducir accións na aplicación dos currículos das áreas e materias de todas as etapas educativas para potenciar a

mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector do alumnado capacitándoo, deste xeito, para seguir con aproveitamento ensinanzas posteriores.

2. MARCO LEGAL

O proxecto lector de Centro do CEIP de Agolada ten como punto de partida os seguintes documentos:

- A Lei Orgánica 8/2013 de mellora da calidade da educación:

No seu preámbulo fala de iniciar a innovación metodolóxica cunha biblioteca activa.

Biblioteca activa refírese á que apoia cos seus recursos e as súas actividades, a formación de lectores e lectoras competentes, capaces de realizar unha lectura crítica de textos de diversa tipoloxía, en formatos e soportes variados e con distintas finalidades. Esta biblioteca ofrece múltiples oportunidades para a lectura entre os distintos membros da comunidade educativa, nunha prácticas que teñen demostrado o seu efecto beneficioso sobre a motivación do alumnado, a creación de ambientes proclives á lectura e á experiencia cultural en xeral.

Son estas bibliotecas as que poden favorecer a alfabetización múltiple, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura.

- A Lei Orgánica 2/2006 de educación, modificada pola LOMCE no seu artigo 113 di:

Os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, cuxos recursos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias.

- O Marco de referencia para as bibliotecas escolares MEC 2011.

Definen ás bibliotecas como “espazos para a lectura, propiciadores de experiencias gratas de encontro e convivencia cos libros e cos recursos culturais en xeral.

- Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples:

Diario Oficial da Unión Europea.

Consideran ás bibliotecas escolares como lugares onde favorecer a alfabetización múltiple, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento.

Neste contexto defínese como a alfabetización múltiple como a “comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica”, abundando en que esta “competencia é esencial para a vida” e que “é a porta cara ao resto das aprendizaxes”.

- **O Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro):

Artigo 15.4: A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito de lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

Artigo 18.1: Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Artigo 18.2: Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na Programación Xeral Anual.

Artigo 18.3: Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a

creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

Ademais destes fundamentos legais partiremos da análise da situación da lectura no centro, baseada en :

- A observación de actividades relacionadas coa lectura desenvolvidas no centro.
- A remodelación do modelo de Biblioteca Escolar –remodelación iniciada no curso 2008/2009 e inclusión no PLAMBE no curso 2011/2012 (Plan LIA 2010/2015)-.
- A actualización e ampliación dos fondos bibliotecarios.
- A validez e utilidade das propostas levadas a cabo ata agora.

3. ANÁLISE DAS NECESIDADES.

Analizando os resultados obtidos no traballo diario na aula e dadas as dificultades detectadas, evidénciase a necesidade de fixar un modelo que favoreza e potencie o hábito lector dos nosos alumnos e alumnas. Chegar ao fondo do problema faise difícil, xa que atopamos diversos tipos de alumnos/as cuxas habilidades lectoras (entoación, ritmo...) deixan bastante que desexar.

Xunto a estes hai outros/as alumno/as que parecen ter adquiridas as habilidades mecánicas , pero nos que o problema parece concretarse na dificultade de comprender o que len, de organizar a información transmitida polo texto. Esta dificultade de comprensión parece estar no fondo dun problema máis xeneralizado de “fracaso escolar”.

Tamén temos alumnos/as que, ben por procedencia social, ou por desgana atopan difícil manexar o vocabulario necesario para entender o sentido xeral ou concreto dos textos presentados.

A deficiencia da adquisición da suma total ou parcial dos aspectos resaltados xeran unha situación de “desmotivación” que moitas veces resulta case imposible superar. O

principal problema co que nos atopamos está na falta de estímulos positivos que reforcen o gusto pola lectura. Ler como acto lúdico, divertido e enriquecedor non está de moda, xa que o esforzo que hai que realizar para enfrontarse ás páxinas dun libro, os obstáculos que hai que vencer (técnica lectora, comprensión, vocabulario, motivación) non compensan.

Da reflexión conxunta do profesorado extraemos as seguintes conclusións:

- En ocasións non existe continuidade na maneira de traballar a lectura entre un curso/etapa e o/os seguintes.
- Existen, en moitos casos, contradicións entre o enfoque co que se traballa a lectura nun aula e co que se traballa na outra, contribuindo, desta forma, a resultados moi dispares.
- Na práctica educativa detéctanse a miúdo enfoques que xa non resultan tan axeitados para o ensino da lectura porque non son coherentes con aquilo que se persegue e, polo tanto, non conducen ao desenvolvemento das competencias clave.
- Atópase a faltar en moitas aulas unha maneira planificada e ben organizada de traballar sobre unha maior diversidade de tipos de textos, xéneros discursivos e/ou situacións comunicativas nas que sexa necesario utilizar o texto escrito, ben como lectores, ben como escritores.

4. OBXECTIVOS.

4.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Potenciar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en todas as áreas do currículo e en distintos formatos.
- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura, como fonte de información, entretemento e enriquecemento persoal e cultural.

- Fomentar a execución de actividades relacionadas co desenvolvemento da produción escrita en diferentes soportes así como a procura documental para a elaboración de proxectos de traballo.
- Promover entre os alumnos e alumnas o uso habitual da biblioteca, de forma que adquiran as ferramentas para manexarse con eficacia nese entorno, comprendan a súa importancia para a aprendizaxe e o goce lector e valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Desenvolver anualmente un proxecto de biblioteca, tendo en conta as características do noso alumnado e a análise das súas necesidades.
- Propiciar o uso das tecnoloxías de información e a comunicación de xeito que os alumnos e alumnas aprendan a utilizar e analizar a información que se obtén deles de xeito crítico.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Educación Infantil:

- Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- Desenvolver o gusto por escoitar e contar contos.
- Ampliar o vocabulario a través de diferentes textos tradicionais.
- Representar un conto ou algún detalle a través da expresión corporal ou plástica.
- Ordenar secuencialmente as viñetas dun conto.
- Desenvolver a actitude de coidado e aprecio no manexo dos libros.

- Inicialse na lectoescritura.
- Asociar fonemas e imaxes.
- Visitar semanalmente a biblioteca do centro e ocasionalmente a biblioteca municipal.
- Uso do “*marcalibros na biblioteca*”.

1º e 2º curso de Primaria:

- Espertar o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos.
- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumno e da alumna.
- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de tela escoitado ou lido.
- Potenciar o emprego da biblioteca de aula.
- Participar en actividades de animación á lectura.
- Visitar asiduamente a biblioteca do centro e utilizar correctamente os “*marcalibros*” nesas visitas.

3º e 4º curso de Primaria:

- Mellorar a entoación, velocidade e ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e aumentar o vocabulario.
- Recoñecer a estrutura dun texto determinado así como a súa idea principal.
- Realizar pequenas composicións escritas.
- Identificar os personaxes principais e secundarios dunha historia.
- Iniciar ao alumno e á alumna no emprego do dicionario.
- Visitar asiduamente a biblioteca do centro e utilizar correctamente os “*marcalibros*” nesas visitas.

5º e 6º curso de Primaria:

- Perfeccionar a entoación, velocidade e ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e aumentar o vocabulario.
- Distinguir diferentes tipos de textos (narrativo, expositivo, descritivo...)
- Recoñecer o sentido global dun texto e recoñecer as ideas principais e secundarias do mesmo.
- Fomentar o uso do dicionario.
- Realizar composicións escritas sobre determinados temas desenvolvendo a creatividade, a fantasía e a imaxinación.
- Contribuír ao uso crítico por parte do alumnado dos diferentes recursos documentais.
- Potenciar a formación de usuarios e a educación documental, de xeito que os nenos e nenas se desenvolvan nas diferentes seccións da biblioteca con autonomía ,que coñezan as posibles fontes documentais, as súas principais características e os diferentes soportes nos que se poden atopar favorecendo a “alfabetización múltiple” dos nenos/as.
- Visitar asiduamente a biblioteca do centro e utilizar correctamente os “*marcalibros*” nesas visitas.

5. ORGANIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR.

Para levar a cabo este proxecto lector é necesario levar a cabo un traballo sistemático a diferentes niveis.

A nivel de colexio:

- Planificando nos distintos cursos os aspectos que se deben traballar a partir das propostas realizadas polo Equipo de biblioteca e do Claustro.

- Establecendo criterios unificadores para o desenvolvemento e avaliación da lecto-escritura, a comprensión lectora e a formación literaria.
- Consensuando criterios para a utilización da biblioteca escolar (horarios, normas de uso...) e a “hora de ler”.
- Programando actividades para a conmemoración de certas datas e divulgar a través de diferentes medios os traballos realizados (xornal escolar, Internet, web)
- Buscando mecanismos para unha maior relación con outros sectores, coa finalidade de implicar a toda a comunidade escolar.
- Realización dun seguimento e avaliación do desenvolvemento do proxecto lector.

- A nivel de aula:

- Establecendo a “hora de ler” cada mañá , despois do recreo –de 12:10 a 12:40- e reservando unha sesión semanal por aula para a utilización da biblioteca.
- Desenvolvendo actividades a partires de todas as áreas ou temas transversais, que impliquen realizar unha busca de información procurando certa variedade tanto no material como nas estratexias empregadas.
- Programando diversas actividades a partires da lectura (exposicións, concursos...).

- A nivel de familias:

- Fomentando a súa participación en actividades puntuais como contacontos, exposicións, etc.
- Implicándoas no proceso avaliador do proxecto lector.
- Participando en iniciativas como a maleta viaxeira.
- Participando na propostas de actividades, libros de lectura.

- A nivel do alumnado:

- Colaborando na organización e clasificación dos fondos bibliotecarios, forrado de libros, suxestións para a adquisición de fondos.
- Potenciando que sexan os alumnos os que decoren a biblioteca e publiciten as súas actividades coas directrices dos membros do Equipo da biblioteca.
- Establecendo a figura de axudante de biblioteca entre o alumnado baixo a supervisión da persoa responsable da biblioteca.

- A nivel de equipo directivo e Consello Escolar:

- Organizando os horarios da “hora de ler”.
- Facilitando unha liberación horaria aos integrantes do equipo da biblioteca.
- Asignación dun orzamento específico para o funcionamento da biblioteca escolar.
- Establecendo canles de colaboración con outras institucións para a organización de actividades.

- A nivel de equipo de biblioteca:

- Xestionando os fondos da biblioteca (expurgo, catalogación, informatización...)
- Selección e adquisición de materiais tendo en conta as suxestións dos mestres, dos alumnos e exalumnos..
- Facilitando os recursos para o desenvolvemento das actividades propostas ao longo do curso.
- Facendo exposicións temporais de fondos arredor do centro de interese que se estea a traballar.
- Divulgando os fondos da biblioteca entre a comunidade escolar.
- Elaborando actividades para a formación de usuarios.

- Fomentando a educación documental coordinando os proxectos documentais deseñados.
- Formando os axudantes de biblioteca.

6. TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES POR CURSOS

As actividades que expoñemos a continuación serán flexibles adaptándose a grao madurativo do alumnado. Ademais das sinaladas, ao longo do curso levarase a cabo en todos os cursos a “Hora de ler” - 30 minutos na que todo o alumnado do centro le ao mesmo tempo-, ademais cada aula levará a cabo as actividades que se planificarán para os proxectos documentais elaborados para cada curso.

INFANTIL	
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE
Manipulación e manexo de contos	Sistemática
Lectura de contos en grupo. Elaboración dunha lista dos contos lidos: “os contos contados”.	Sistemática
Comprensión oral. Preguntas sobre os contos lidos.	Sistemática
Crear e inventar contos.	Puntual
“Lectura equivocada” Lectura de contos cambiando nomes, situacións....	Puntual
“A caixa máxica” Relacionar obxectos con contos coñecidos. Contar o conto.	Puntual
“Safari fotográfico” Lectura de imaxes para localizar portadas ou ilustracións de contos.	Puntual.

O xornal. Usar imaxes dos xornais para traballar os contidos curriculares.	Puntual
Facer pequenas poesías.	Puntual.
Dramatizar contos, poesías...	Puntual
Visita á biblioteca escolar. Coñecer os distintos espazos.	Puntual
Cadernos de traballo para a formación de usuarios.	Puntual
Realizar actividades plásticas a partir dun texto.	Puntual

1º e 2º Curso de Primaria	
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE
Elaboración de marcapáxinas para utilizar na “lectura dentro da biblioteca”	Puntual
Lectura silenciosa e individual de textos.	Sistemática
Narración de contos e poemas –mestre/a e alumnos/as-	Sistemática.
Diario de lecturas. Ficha onde aparecerá o título e o autor dos libros que len.	Sistemática.
Puzle de parágrafos. Conto dividido en partes que deben colocar correctamente.	Puntual.
Fuga de palabras. Completar textos nos que faltan palabras.	Puntual.
Realización de debuxos ou outros traballos plásticos	Puntual.

relacionados coas lecturas.	
Dramatización de lecturas.	Puntual.
Pasaporte da lectura. 3 libros que deberán ler e cumprimentar unha ficha con datos bibliográficos e preguntas para a comprensión.	Puntual.
Visita á biblioteca para coñecer os distintos espazos e recibir a guía de usuarios.	Puntual.
Caderno de traballo e xogos para a formación de usuarios.	Puntual.
O xornal e Internet. Traballar con noticias.	Puntual.

3º e 4º Curso de Primaria	
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE
Elaboración de marcapáxinas para utilizar na “lectura dentro da biblioteca”	Puntual
Lectura silenciosa e individual de textos.	Sistemática
Lectura compartida en grupo.	Sistemática.
“Eu recomendo” Recomendacións dos libros que máis lle gustaron.	Puntual.
“Ordenamos poemas” .Versos desordenados que deberán colocar no seu lugar ou de non ser posible elaborar poesías disparatadas.	Puntual.
Pasaporte da lectura. 3 libros que deberán ler e cumprimentar unha ficha con datos bibliográficos e	Puntual.

preguntas para a comprensión.	
Resumos de lecturas feitas.	Puntual.
Elaboración de murais, debuxos ou outros traballos plásticos a partir dunha lectura.	Puntual.
Elaboración de contos.	Puntual.
Visita á biblioteca para coñecer os distintos espazos e recibir a guía de usuarios.	Puntual.
Caderno de traballo e xogos para a formación de usuarios.	Puntual.

5º e 6º Curso de Primaria	
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE
Elaboración de marcapáxinas para utilizar na “lectura dentro da biblioteca”	Puntual
Lectura silenciosa e individual de textos.	Sistemática
Lectura compartida en grupo.	Sistemática.
“Eu recomendo” Recomendacións dos libros que máis lle gustaron.	Puntual.
“Só o título” Inventar un conto a partir dun título.	Puntual.
“Cómico” Completar os globos de cómics.	Puntual.
Pasaporte da lectura. 3 libros que deberán ler e cumprimentar unha ficha con datos bibliográficos e preguntas para a comprensión.	Puntual.
Dossier de prensa. Noticias de Agolada na prensa durante o curso.	Sistemática.

Facer pequenos traballos sobre obras literarias (historia, personaxes...)	Puntual
Elaboración de murais, debuxos ou outros traballos plásticos a partir dunha lectura.	Puntual.
Visita á biblioteca para coñecer os distintos espazos e recibir a guía de usuarios.	Puntual.
Caderno de traballo e xogos para a formación de usuarios.	Puntual.

7. LIÑAS PRIORITARIAS PARA O CURSO 2017/2018

7.1.- EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.

- Proxecto MEIGA: altas, baixas, carnés de novos lectores. Seguir facendo préstamos a exalumnos/as (agora alumnos/as do Instituto Laxeiro de Lalín).
- Selección e adquisición de fondos – fundamentalmente documentais – algúns deles relacionados co novo proxecto.
- Catalogación e informatización dos novos documentos.
- Expurgo e ampliación das bibliotecas de aula
- Integrar de xeito sistemático o Equipo de TIC e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega no traballo da biblioteca a coa finalidade de optimizar os recursos.
- Organización do horario da biblioteca.
- Formación de usuarios. Dar a coñecer o “Manual de Usuarios” para que calquera que visite a biblioteca saiba moverse nela sen dificultade e coñeza a súa forma de traballo.
- Formación de axudantes da biblioteca (alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria).

- Deseño e elaboración das actividades para o desenvolvemento do proxecto documental que implique o traballo de diversas competencias.
- Articular unhas normas claras sobre o uso dos ordenadores.

7.2.- EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA E A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO.

- Acceso ao catálogo da biblioteca escolar a través da páxina web.
- Publicación e difusión das actividades organizativas pola biblioteca a través da páxina web.
- Edición de guías de lectura (Nadal e vacacións de verán).
- Publicación de novidades no taboleiro.
- Carteis e murais sobre diferentes temas: Samaín, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, etc.
- Exposición de libros de diferentes temáticas (Samaín, Paz, etc.)
- Fomento e promoción dende a biblioteca da “hora de ler”.
- Realización do proxecto documental e doutras actividades de educación documental.
- Propostas de traballo das distintas áreas destinadas á utilización da biblioteca.
- Promoción da lectura en soportes informáticos (e-book, tablet)
- Contribuír con todas estas actuacións ao desenvolvemento das competencias clave.

7.3.- EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN.

- Facer un horario de visitas guiadas para que todo o alumnado coñeza a Biblioteca, o seu funcionamento e realización do caderno de formación de usuarios.
- Entrega e explicación da “Guía de usuarios”.
- Formación do grupo de “Axudantes de Biblioteca” e entrega da guía.
- Utilización do programa MEIGA para a busca de fondos e para a busca de información a través das enciclopedias ás que podemos acceder co carné da Biblioteca.
- Uso dos “marcalibros” nas visitas á biblioteca e así poder dispoñer dos libros que desexe.
- Elección do tema para o próximo proxecto interdisciplinar e elaboración de cadernos para os distintos cursos.
- Deseño de actividades e xogos para que os nenos/as saiban desenvolverse na Biblioteca.
- Facer pequenos proxectos de investigación adaptados aos distintos niveis.
- Proporcionar ao profesorado e ao alumnado documentación en diferentes formatos (en rede, papel, audiovisual) e materiais adaptados ás diferentes idades para poder traballas o tema proposto no proxecto documental.
- Visita dos mestres á biblioteca e explicación sobre o “Manual de Usuario” para dalo a coñecer.

7.4.- EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

- Revisión e actualización do Plan Lector.
- Dinamizar actividades para a “Hora de Ler”.

- Guías de recomendacións para Nadal e para o verán.
- Facer en colaboración cos titores/as e mestres/as especialistas un listado de fondos.
- Encontros con autores, ilustradores, contacontos, etc.
- Alumnos/as contacontos.
- Os contos contados (Educación Infantil).
- Pasaporte da Lectura (Educación Primaria)
- Diario de Lecturas (Educación Primaria)
- Maleta Viaxeira (Educación Infantil).
- Incentivar a lectura e a escritura a través de actividades e concursos propostos ao longo do curso.
- Fomentar as recomendacións entre os usuarios da biblioteca (eu recomendo...).
- Emprego do Kamishibai para actividades de fomento da lectura (escritura, lectura e debuxo) e para a educación documental.
- Uso de presentacións en formato libreOffice Impress

7.5.- OUTRAS ACTUACIÓNS.

- Manter o orzamento que o centro dedica á Biblioteca.
- Facer algunha actividade en colaboración coa Biblioteca do Concello – ten un horario moi limitado.
- Relacionarse con outras bibliotecas de centros educativos na nosa comarca.
- Continuar potenciando a páxina web como canle de comunicación coa comunidade escolar.
- Participación no vindeiro curso nun Proxecto de Formación do Profesorado no Propio Centro para a mellora da lectura: "Lectura e Biblioteca".

7.6.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

a) CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Nivel de implicación da comunidade educativa nas actividades propostas.
- Grao de aceptación e satisfacción dos usuarios da biblioteca.
- Equilibrio e adecuación dos fondos.
- Numero de visitas e préstamos.
- Valoración do traballo do Equipo da Biblioteca.
- Os materiais producidos durante o desenvolvemento do proxecto.
- Grado de presenza da biblioteca nos documentos do centro.

b) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Utilización das estatísticas do MEIGA. (títulos máis prestados, lectores máis asiduos, préstamos por cursos, etc.)
- Autoavaliación a través da recollida de datos con formularios sinxelos.
- Nas reunións da CCP e do Claustro pedir valoración do traballo feito.

7.7.- PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR, EQUIPO DE APOIO, HORARIO PREVISTO.

- Persoa responsable da Biblioteca para o curso 2016/2017: Ana Isabel López Rodríguez.
- Membros do Equipo da Biblioteca.: Rosa Gutiérrez Lamas, Montserrat Senra García, M^a Luísa Méndez García e Luis Vázquez Rojo.
- A responsable da Biblioteca dispón de 4 sesións semanais e cada membro do equipo ten unha sesión semanal.

8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

8.1. Principios de actuación didáctica:

- Metodoloxía activa.
- Aprendizaxe por descubrimento.
- Utilización de diferentes tipos de textos.
- Traballo coordinado entre os/as mestres.
- Diversificación de recursos.
- Implicación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Alumnado protagonista na xestión e uso da biblioteca.

8.2. Principios a seguir como guía na metodoloxía:

- Partir do desenvolvemento cognitivo do neno/a e dos seus coñecementos previos á hora de organizar as actividades.
- Calquera texto pode servir aos nosos intereses.
- Seleccionar textos relacionados co seu entorno máis inmediato: noticias, reportaxes, contos, lendas...
- Seleccionar textos que garden certa conexión tanto con aspectos tratados na clase como nos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Implicar e interrelacionar a todos os sectores da comunidade educativa , como axentes propios na consecución de bos hábitos lectores.
- Proporcionar aos alumnos/as distintas situacións e distintos soportes que supoñan, a través da lectura, unha intensa actividade mental que conduza á reflexión , ao pensamento e ao desenvolvemento da capacidade crítica e que favoreza a “alfabetización múltiple”.

- Realizar un eficiente emprego da lectura como instrumento de aprendizaxe , de investigación e de recreación, que englobe a todas as áreas do currículo.
- Utilización das posibilidades que ofrecen os xogos como medio motivador e dinamizador do proceso.
- A lectura como fonte de fomento da imaxinación e a creatividade dos alumnos/as.
- Crear un ambiente idóneo onde os alumnos/as se sintan a gusto e familiarizados coas actividades realizadas.
- Uso das TIC.

9. AVALIACIÓN.

A. O propio plan.

O proxecto lector será obxecto dunha avaliación continua, o que vai incidir nunha constante adecuación ás necesidades que vaian xurdindo tanto no alumnado como no profesorado.

Valorarase o cumprimento dos obxectivos e a receptividade da comunidade educativa das actuacións e actividades desenvolvidas en cada ciclo. Verase se foron efectivas e, en función dos resultados, elaborarse o seguinte Plan anual de lectura. Tamén se fará unha valoración do funcionamento do tempo de lectura diario e da hora semanal do uso da biblioteca escolar.

B. Os recursos humanos, temporais e materiais.

- Aproveitamento dos recursos do centro. Mellora dos recursos.
- Grao de implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.

C. Os logros do alumnado. A avaliación do alumno/a deberá:

- Ser realizada por todo o profesorado dentro da propia área.
- Permitir detectar as dificultades do alumnado e intervir no proceso axustando as axudas ás necesidades detectadas.
- Implicar ao alumnado no propio proceso, dándolle a coñecer os aspectos nos que precisa axuda, aqueles nos que non progresa e as dificultades que debe superar e como ten que superalas.
- Estar integrada na actividade escolar, é dicir, formar parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

Criterios de avaliación:

Avaliarase se o alumno-/a:

- Le progresivamente de forma expresiva textos diversos con seguridade, fluidez e precisión.
- Amona iniciativa e interese pola lectura.
- Comprende textos orais lidos ou contados por outros, extraendo o sentido global da mensaxe.
- Localiza e comprende a información explícita en textos escritos en soporte papel ou dixital.
- Comprende a información de textos escritos e facer deducións, resumos, etc. a partir dos mesmos.
- Interpreta as ideas contidas nos textos escritos, tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.
- Produce textos orais coherentes e ben organizados.
- Produce textos escritos coherentes e ben estruturados empregando soportes de papel e dixitais.

- Coñece a biblioteca do centro e a biblioteca municipal.
- Emprega a biblioteca do centro e a de aula con certa autonomía como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa información e coa lectura por pracer.
- Busca, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros prensa e enciclopedias) e aplicar esta información aos contextos que o requiran favorecendo a “alfabetización múltiple”.

Instrumentos de avaliación:

- Observación e rexistro de datos. Diarios de lectura.
- Cuestionarios e entrevistas: para avaliar aspectos xerais, hábitos, actitudes; para valorar coñecementos previos e para valorar o nivel de comprensión despois da lectura.
- Probas específicas: resumes, explicacións orais e probas estándar de eficacia lectora.
- Enquisas a mestres/a e alumnos/as para coñecer o nivel de satisfacción dos mesmos en canto ás actividades realizadas.

10. RECURSOS.

10.1. Recursos humanos:

- Mestres.
- Familias, autores, contacontos, ilustradores, etc.

10.2. Recursos materiais:

- Libros de texto das diferentes materias.
- Recursos das bibliotecas de centro, de aula e municipal.
- Materiais audiovisuais.
- Materiais das TIC.
- Marionetas, títeres, láminas ilustrativas...
- Soportes textuais cotiás: xornais, revistas, catálogos, receitas...
- Material funxible para a realización de actividades.

10.3. Outros recursos.

- Bibliotecas familiares.
- Material elaborado polos mestres e polos alumnos.

11. BIBLIOGRAFÍA.

- LOMCE. Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro de Mellora da Calidade Educativa
- LOE. Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio.
- Decreto 105/2015, do 4 de setembro: establece o currículo de Primaria en Galicia.
- “**A Pintura**” Proxecto PLAMBE CEIP Agolada 2017/2018.
- Plan lector . Mónica Brito Fernández. Goberno de Canarias.
- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

A responsable/dinamizadora da Biblioteca

Visto e Prace
O Director

Asdo: Ana Isabel López Rodríguez

Asdo. Luis Vázquez Rojo